

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE POIO, PARA A IMPLANTACIÓN DO PROXECTO "SERVIZO DE ASISTENCIA EN MATERIA DE PROTECCIÓN DE DATOS PARA AS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA".

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POR:

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE POIO, PARA A IMPLANTACIÓN DO PROXECTO "SERVIZO DE ASISTENCIA EN MATERIA DE PROTECCIÓN DE DATOS PARA AS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA".**

En Pontevedra/Poio, na data da sinatura electrónica.

**Interveñen**

Por unha banda, Luis López Diéguez, quen actúa en nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como presidente deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).

Por outra banda, Ángel Moldes Martínez, alcalde do Concello de Poio, actuando en representación da entidade local en virtude das competencias que se lle atribúen no acordo plenario do 13 de xuño de 2015 e de conformidade coas competencias que se lle atribúen no artigo 21.1.b da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Dá fe do acto, Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.

As partes recoñécense con capacidade para formalizar este convenio e en base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións entre as administracións públicas,

**Expoñen**

**Primeiro.** Os convenios entre as administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común, como se establece nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; no artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; e nos artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

**Segundo.** No artigo 36.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúeselles ás deputacións competencias de asistencia técnica e de fomento e coordinación da prestación equilibrada dos servizos de competencia municipal na totalidade do territorio provincial.

**Terceiro.** Na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínase que a prestación homoxénea de servizos constitúe un obxectivo prioritario e para a súa consecución dirixíranse, preferentemente, as funcións asistenciais e de cooperación municipal das deputacións provinciais. Nesta liña, no artigo 84 desa lei indícase que lle corresponde ás deputacións provinciais asegurar a axeitada prestación dos servizos que lles requiran os municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

**Cuarto.** A aprobación do Regulamento xeral de protección de datos, Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (RXPDP), relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, introduce unha serie de cambios en relación a esta materia que implican unha adecuación aos procesos internos antes de empezar un tratamento de datos.

**Quinto.** Así, as administracións públicas están suxeitas a un proceso de adecuación ao RXPDP que inclúe, entre outras actividades, a configuración dun rexistro de actividades de tratamento, a actualización do dereito de información na recollida de datos, o cumprimento do principio de responsabilidade activa, a minimización de datos persoais, as notificacións de quebras de seguridade que afecten a datos persoais ou as avaliacións de impacto na protección de datos e as análises de risco inicial dos tratamentos co obxectivo de implementar as medidas de seguridade oportunas.

**Sexto.** Neste sentido, as administracións locais, no exercicio das súas funcións, tratan diariamente unha gran cantidade de datos persoais referidos principalmente á cidadanía, ás persoas contribuíntes ou a terceiras persoas. O padrón municipal de habitantes, as subvencións e axudas, a xestión de tributos, as bolsas de traballo ou o rexistro de documentos son só algúns exemplos e, na medida en que estas entidades efectúan tratamentos de datos, están obrigadas a adaptarse ao Regulamento xeral de protección de datos, que se aplica desde o 25 de maio do 2018.

**Sétimo.** Por outra parte, as administracións locais teñen, desde o 25 de maio do 2018, a obriga de designar unha persoa delegada de protección de datos (DPD), que ten entre as súas funcións a de supervisar o cumprimento do RXPDP e informar e asesorar a persoa responsable ou encargada do tratamento e o persoal que se ocupe do tratamento das obrigas do RXPDP e demais normativa aplicable en protección de datos.

**Oitavo.** É de interese para a Deputación de Pontevedra responder as peticións de asistencia recibidas polas entidades locais da provincia e ao compromiso e finalidade da institución provincial de lles prestar asistencia técnica e ofrecer un servizo pioneiro en Galicia cuxo obxectivo é a realización de actividades de apoio especializado na adecuación ao RXPDP e de colaboración coas persoas delegadas das entidades adheridas para axudarlles a cumprir as funcións que se lles asigna na normativa de protección de datos mediante un servizo de información e asesoramento.

**Noveno.** As partes recoñécense a capacidade xurídica necesaria para subscribir este acordo e, en consecuencia, conveñen formalizar este convenio de colaboración (en diante aparecerá denominado como "convenio") con suxeición ás seguintes

## Cláusulas

### Primeira. Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto regular a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as entidades locais da provincia de Pontevedra cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para a implantación do proxecto "Servizo de asistencia en materia de protección de datos para as entidades locais da provincia".



## Segunda. Obrigas da Deputación de Pontevedra

O organismo provincial comprométese a:

1. Asesorar e revisar os tratamentos de datos persoais, automatizados e non automatizados, e a súa adecuación aos principios relativos ao tratamento recollidos no RXPDP
2. Revisar o deseño de guías de adecuación ao esixido polo RXPDP, segundo o Esquema Nacional de Seguridade
3. Colaborar na elaboración do rexistro de tratamentos de datos de carácter persoal segundo o esixido pola normativa, facilitando a publicación do rexistro na páxina web corporativa da información requirida pola normativa
4. Axudar na realización e documentación das análises de riscos dos tratamentos identificados e nas avaliacións de impacto na privacidade
5. Propor actualizacións e identificación de melloras no relativo ás medidas de seguridade que lles deben aplicar aos tratamentos, en función dos resultados das análises de riscos e das avaliacións de impacto na privacidade
6. Colaborar coa persoa delegada de protección de datos para axudarlle a cumprir coas funcións asignadas pola normativa de protección de datos mediante un servizo de información e asesoramento
7. Respetar e protexer a confidencialidade dos datos propiedade da entidade local adoptando as medidas de seguridade segundo o previsto na cláusula novena deste convenio

## Terceira. Obrigas da entidade local

A entidade local comprométese a:

1. Proporcionarlle, de forma directa á Deputación, a información necesaria para o desenvolvemento do proxecto e no específico sobre os tratamentos de datos persoais para a realización do rexistro de actividades de tratamento, avaliación de impacto e análise de risco
2. Levar a cabo todas as reunións que sexan necesarias para a obtención de información, para acordar criterios, para supervisar e velar polo cumprimento do esixido na normativa, e para a explicación e difusión dos resultados dos traballos realizados
3. Comunicar, no prazo máximo de dez (10) días desde a sinatura do Convenio, a persoa delegada de protección de datos da entidade que actuará como interlocutor único no desenvolvemento do proxecto. Para estes efectos, a persoa delegada de protección de datos da entidade deberá estar vinculada coa mesma, ou o seu sector institucional, como empregada pública ou órgano integrado na súa organización interna ou do seu sector institucional. A Deputación non efectuará asesoramento a empresas privadas. A entidade identificará as persoas idóneas para a obtención da información necesaria, facilitará a organización de reunións e a execución das tarefas para a execución do proxecto.”
4. Responder as consultas realizadas pola Deputación de Pontevedra no menor tempo posible e sempre nun prazo non superior a sete (7) días a partir da recepción da petición
5. Colaborar de maneira activa coa institución provincial na resolución de dúbidas que puidesen xurdir sobre a información obtida



#### **Cuarta. Control e seguimento**

Para velar polo cumprimento do estipulado constituirase unha comisión paritaria de seguimento da execución do convenio, formada por dúas persoas representantes, unha por parte da Deputación de Pontevedra e outra por parte da entidade local, que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento. A composición desta comisión será a seguinte:

- Pola Deputación de Pontevedra, a persoa deputada provincial con competencias en materia de Fondos Europeos, Innovación e Axenda Dixital, ou a persoa na que delegue

- Pola entidade local, a persoa que exerza a súa Alcaldía ou Presidencia, ou a persoa na que delegue

A presidencia exerceraa a persoa deputada provincial con competencias en materia de Fondos Europeos, Innovación e Axenda Dixital, ou a persoa na que delegue.

Nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, a presidencia será ocupada pola persoa na que delegue.

#### **Quinta. Modificacións do convenio**

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

#### **Sexta. Resolución**

Este convenio resolverase polas causas e cos efectos establecidos nos artigos 51 e 52 da Lei 40/2015. En particular resolverase polo incumprimento, total ou parcial, dalgunha das cláusulas que o regulan.

Ademais, serán causas de resolución do convenio as seguintes:

1. Cumprimento da prestación dos servizos obxecto deste convenio
2. Cumprimento do prazo de vixencia
3. Imposibilidade sobrevida para o seu cumprimento
4. Acordo das partes asinantes despois dunha reunión da comisión de seguimento
5. Incumprimento das obrigas dunha das partes, comunicado de forma motivada por escrito con quince días de antelación. A resolución do Convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e prexuízos causados.

O réxime de obrigas e responsabilidades por incumprimentos que consten neste Convenio consideraranse instrumento axeitado para a determinación das correspondentes responsabilidades.

En calquera suposto de resolución anticipada as partes comprométense a finalizar as actividades en curso.

### **Sétima. Réxime xurídico e lexislación aplicable**

Este Convenio de colaboración ten natureza xurídico-administrativa, e non lle é aplicable a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Para resolver cantas dúbidas ou lagoas puidesen producirse na interpretación, execución, efectos, modificación e resolución do convenio, será de aplicación o disposto no propio convenio e, na súa falta, aplicarase a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e os principios da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

As partes comprométese a tentar resolver de maneira amigable calquera desacordo que puidese xurdir no desenvolvemento, interpretación, cumprimento, extinción e efectos deste convenio a través da comisión de seguimento establecida na cláusula cuarta. En caso de non ser posible unha solución amigable e proceder o litixio xudicial, a xurisdición competente para coñecer e resolver estas cuestións será a xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así mesmo, este Convenio sométese ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas. Deste xeito, o Convenio deberá ser obxecto de comunicación ao Tribunal de Contas, con inclusión na relación certificada a remitir anualmente ao referido Tribunal.

### **Oitava. Financiamento**

O desenvolvemento das actividades previstas neste convenio realizarase sen custo económico para a entidade local asinante.

### **Novena. Confidencialidade da información e protección de datos**

As partes comprométese ao intercambio dos datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste convenio coas garantías de confidencialidade que en cada caso se requiran e permanecerá exclusivamente no ámbito de relación das mesmas partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, obrigándose a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración deste convenio.

Toda a información e documentación intercambiada no marco do Convenio será propiedade das respectivas partes.

As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora da protección de datos de carácter persoal.

As partes poderán darlle publicidade á existencia deste convenio na forma en que ambas o determinen de mutuo acordo.

### **Décima. Responsabilidades**

A Deputación de Pontevedra non será responsable das consecuencias derivadas da omisión ou falseamento dos datos ou informacións facilitados pola entidade local, nin estará obrigada a

verificar a suficiencia ou autenticidade destes. Tampouco responderá das actuacións que a entidade local efectúe sen o seu asesoramento previo ou en contra das súas indicacións.

A decisión final sobre as actuacións ou recomendacións que se desenvolvan como consecuencia da prestación do servizo de asistencia en materia de protección de datos será da entidade local.

#### **Undécima. Cesión de competencias**

Este convenio non supón, en ningún caso, a cesión de competencias dunha das partes á outra, nin tampouco a concesión, expresa ou implícita, de dereito ningún.

#### **Duodécima. Vixencia, duración e prórroga do convenio**

Este convenio terá unha vixencia de dous (2) anos desde a súa sinatura e poderá prorrogarse de forma expresa, por un máximo de dous (2) anos conforme ao disposto no artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, mediante unha comunicación previa e por escrito das partes dentro dos tres (3) meses anteriores á finalización da súa vixencia ou de calquera das súas prórrogas. Dentro do referido prazo de tres (3) meses as partes poderán comunicar a súa renuncia á prórroga do convenio.

A tramitación, subscripción e efectos da prórroga que no seu caso se acorde efectuarase de acordo co previsto pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e co resto da normativa aplicable.

E, como proba de conformidade, as partes que interveñen asinan este convenio na data da sinatura electrónica.

*Documento asinado electronicamente.*